

A xunta directiva da Asociación de Nais e Pais "AS BRIÑAS" do IES Miguel Ángel González Estévez de Carril, Vilagarcía de Arousa, en representación dos seus socios/as

EXPOÑE

- Que o instituto leva anos informando a administración e inspección da carencia/ pouca conectividade nas aulas do centro.
- Que a conexión por WIFI só é posible nun corredor do centro e con dificultade, quedando o resto do edificio e pavillóns onde se desenvolve a meirande parte das aulas dos alumnos/as de ciclo de E.F., sen este servizo.
- Que debido ao ancho de banda que serve ao IES, non poden estar varias aulas con videoconferencias á vez, o cal dificulta a labor dos profesores/as para poder dar clase ao alumnado confinado nas súas casas, e resta o DEREITO de ese alumnado a seguir recibindo formación académica nese confinamento.
- Que a maioría dos nosos/as fillos/as están matriculados en cursos de Ensino Obrigatorio e que a administración É quen debe dotar aos centros, dos recursos suficientes para garantir un ENSINO DE CALIDADE. Os que pese a non ser obrigatorio ese ensino, optan por seguir formándose nun instituto público, teñen tamén dereito a ese tipo de ensino de calidade.
- Que nun momento onde se fai fincapé nas novas tecnoloxías, e que o profesorado dos centros públicos vese obrigado a redactar protocolos, programacións para presencialidade, semipresencialidade e confinamento, e horarios espello para a impartición das súas materias, non pode ser que por falta de medios e previsión da administración, non poidan levar a cabo o seu traballo, co conseguinte dano aos noso fillos/as.
- Que outros IES e mesmo CEIPs da mesma vila teñen unha conexión adecuada aos tempos que nos toca vivir, con WIFI en todo o centro e bando de ancha de fibra que lles permite acceder e realizar o seu traballo dun xeito correcto, polo que

SOLICITA

- Doten da conexión de fibra e WIFI ao IES Miguel Angel González Estévez neste mesmo curso, pois os nosos fillos/as teñen a obriga e o dereito a un ENSINO PÚBLICO E DE CALIDADE.

En Vilagarcía de Arousa, a 4 de febreiro do 2021

ANPA AS BRIÑAS
G-36053395
anpa.asbrinas2016@gmail.com
IES Miguel Ángel González Estévez
Vilagarcía de Arousa

Asdo. M^a Angeles Soto López
Presidenta.

Asdo. Valentina Nicolay Eiras
Secretaria

Asdo. M^a Elvira Franco Vázquez
Tesoureira

D. CÉSAR A. PÉREZ ARES
XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
DE PONTEVEDRA

XUNTA
DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Entrada 5015 / RX 223019

Data 05/02/2021 09:04:42

